

# TESTIGO DE OTRO MUNDO

[Alan Stivelman, 2018]

# 435

ESTREA EN NUMAX: 14.09.2018 | V.O.S.E. | TP

*Testigo de otro mundo* (2018, 78')

**Dirección:** Alan Stivelman

**Guión:** Alan Stivelman

**Participación:** Juan Pérez, Jacques Vallee, Nestor Berlanda, Lucas Abraham, Juan Hernán, Hernan Abraham

**Son:** Guido Berenblum

**Montaxe:** Yohan Fish

**Música:** Miguel Miranda, José Miguel Tobar

**Dirección de arte:** Laura Aguerrebehere, Alicia Vazquez

**Fotografía:** Federico Luaces, Marcelo Lavintman

**Produtoras:** Humano Films (Arxentina)

**Distribuidora:** Toned Media

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Español, inglés, guaraní

## FILMOGRAFÍA


*Humano*, 2013

## SINOPSE

Juan vive recluído na soidade do campo desde que foi testemuña dun suceso OVNI. O cineasta Alan Stivelman, coa axuda do famoso astrofísico Jacques Vallée, comezan unha épica viaxe para axudar a Juan a que entenda o fondo significado do seu encontro cercano.

«Logra a complicidade do espectador a través da cámara intimista nunha nova aproximación ao fenómeno OVNI que prioriza a reflexión sobre a busca da identidade»

Janire Zurbano, REVISTA CINEMANÍA



## “Hoxe é difícil pensar na metafísica con tantos estímulos”

Entrevista con Alan Stivelman  
Por Germán Morales

**Que foi o que te moveu a realizar un filme coma este?** Son desas persoas ás que lles custa crer nas cousas até que vexo algo ou sucédelle a alguén moi próximo. Leo moito destes temas e apaixónanme pero no fondo dubido se todo será unha mentira. O caso de Juan tocoume moito desde o humano, porque coñecín unha persoa que estaba atravesada pola dor, por un trauma moito máis grande do que podía soportar a súa estrutura e que lle sucedeu aos 12 anos. Cando o coñecín tiña 48 anos pero aínda tiña o aspecto dun neno e fala coma un neno por momentos. Aí pensei, «pobre home, tivo que soportar 40 anos cunha dor que non podo entender», e metínme máis no humano que en continuar as pesquisas.

Se ben nun principio quería un filme sobre o fenómeno OVNI, despois gañou por moito a súa historia, na parte terapéutica, porque el pechou un círculo. Poder ter sido testemuña e filmar ese proceso foi interesante porque se fixo desde o trauma até a sanación.

**Algo que me veu á cabeza vendo o filme é a frase: «a arte é curativa».** Foi algo que se introduce no primeiro guión, porque no último sempre estivo presente o contacto co chamanismo guaraní. Juan sentíase só no mundo, como se iso lle sucedera só a el, e o que fixemos foi traerlle outros casos. Jacques Vallée estudou máis de 30.000 casos no mundo. Tiveron moitos momentos en soidade, estivemos unha semana en Victoria, Entre Ríos, e aí foi acougando.

**Decidiches comezar o filme do carón da relixión, algo non moi común no fenómeno OVNI.** Si, estou atravesado pola espiritualidade. Non sei se desde a beira da crenza, de feito envexo a xente que ten fe cega en algo. Pero tratei de abordalo con respecto desde dous puntos de vista, por unha banda o lado máis científico e pola outra o chamanismo, que é a máis emocional. E sucedeu que as dúas temáticas falan do mesmo.

A xente pensa que o fenómeno OVNI empeza na década dos 60 pero a realidade é outra. O doutor Vallée escribiu un libro que se chama *Maravillas en el cielo* que fai un estudo desde o principio da humanidade, caso por caso, con fenómenos no ceo, que poden considerarse OVNI. Na propia Biblia, Ezequiel ve un carro cun deus enriba que podería ser un OVNI. Na cultura hindú, o mesmo, aparecen os Vimana que teñen a forma coñecida dun OVNI invertido. En cada unha das relixións aparecen estes fenómenos pero con outros nomes.

**Como chegaches a Jacques Vallée?**  
Mandille unha carta con fotos del

do ano 80, cando veu a Arxentina e coñeceu a Juan, e envielle o meu filme anterior, *Humano* (2013). Pasou un mes e respondeume por mail dicíndome que estaba emocionado, que lembraba a Juan porque foi un caso que estudou coa súa muller, que era psicóloga infantil. Foi un caso que lles chamou a atención, e Vallée prestouse a viaxar a Arxentina botar unha man no proxecto.

**Como está Juan hoxe?** Volveu coa súa familia. Cando o vin por vez primeira el díciame: «Eu antes disto non sabía como estar, agora podo gozar da miña familia, os meus cans, a miña nai e tomo un mate». El cun mate e unhas parrafadas pode estar ben todo o día. Asentou no mundo, atopou o seu eixo.

**Vostede cre que o home occidental poderá volver pensar na metafísica?**

Eu coido que si, pero hoxe é difícil con tantos estímulos. No campo estamos máis tranquilos, vemos as estrelas, hai procesos naturais que se dan. Aquí na capital, non vexo os astros, paso as noites vendo Netflix e cousas así. O esforzo é dobre ao estar neste tipo de contornas. Decía Plutarco: «O home branco esqueceuse da súa fonte e o seu deus, ou figura espiritual, confúndeo, como un hámster correndo cara á nada». E a mensaxe involuntaria de Juan é esa, a necesaria conexión coa terra e co ceo. A min fíxome moi ben vivir como Juan durante eses 13 días.

Publicado en [proyectorfantasma.com.ar](http://proyectorfantasma.com.ar)  
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónate  
agora e ven  
sempre por

4€

Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo

Faite  
NUMAX!